

medidas contra o coronavirus

INFORMACIÓN DE UTILIDADE NAS EMPRESAS

A prioridade da Xunta de Galicia é velar pola saúde dos traballadores e traballadoras que teñen que acudir aos seus centros de traballo nestes días.

Esta situación obriga a tomar unha serie de medidas para garantir a súa protección fronte ao coronavirus. Estas medidas deberán ser aplicadas polas empresas, en función das características da actividade e seguindo as pautas das autoridades sanitarias.

A Xunta de Galicia, coa colaboración dos axentes económicos e sociais, vén de editar unha guía coas recomendacións básicas que deben ter en conta as persoas traballadoras, o colectivo autónomo e o tecido empresarial galego.

PRINCIPAIS RECOMENDACIÓNS

1. Reforce as medidas de hixiene individuais

- Lave as mans frecuentemente con auga e xabón ou cunha solución hidroalcohólica.
- Ao tusir, cubra a boca cun pano desbotable ou poñendo o cóbado por diante.

2. Intensifique a limpeza e hábitos hixiénicos no traballo

- Non comparta obxectos.
- Ventile o centro de traballo.
- Limpe superficies e obxectos (pomos, aseos, teléfonos...).
- Reforce a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene persoal.

3. Estableza medidas para evitar o contacto próximo

- Promova as reunións por videoconferencia, a flexibilidade horaria e o teletraballo.
- Evite e reduza a frecuencia e o contacto próximo entre persoas.
- Garde polo menos 2 metros de distancia co resto de cadro de persoal.

PARA MÁIS INFORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS:

- A Coruña 981 182 329 issga.coruna@xunta.gal
- Lugo 982 294 300 issga.lugo@xunta.gal
- Ourense 988 386 395 issga.ourense@xunta.gal
- Pontevedra 886 218 101 issga.pontevedra@xunta.gal
- Santiago 881 999 332 issga@xunta.gal

Infórmate sempre en fontes oficiais
coronavirus.sergas.gal



XUNTA
DE GALICIA

A Xunta de Galicia agradece o compromiso dos profesionais da saúde e comportamento da cidadanía.